



Un proxecto de longametraxe documental de Rubén Pardiñas

OUTUBRO 2007



FICHA

Título **Gaiteiro!**

Xénero **Documental**

Guión e dirección **Rubén Pardiñas**

Produtores **Miguel Gavito, Carlos Aguilera e Mathieu Droulez**

Formato **HD a 35mm**

Duración estimada **100´**

SINOPSE

A principios dos anos 90 a gaita galega, un instrumento tradicional que parecía destinado a quedar relegado aos museos etnográficos e as romerías aldeáns acadou un pulo insospeitado. De súpeto os gaiteiros galegos comezaron a encher estadios coma se fosen estrelas de rock, e as bandas de gaitas galegas desfilaban polas principais capitais do mundo. Boa parte deste auxe internacional debeuse a figuras como Xosé Lois Foxo ou Carlos Núñez, que situaron as súas gaitas á altura dos países con máis tradición (e tamén máis publicitados: Irlanda, Escocia, Bretaña...). Como sempre sucede, co éxito veu tamén o debate, e o mundo da gaita suscita desde entón un crecente interese, en diversas vertentes: a misteriosa orixe do instrumento, a rigurosidade histórica do chamado “celtismo musical”, o concepto de evolución no folclore, e, en xeral, o papel que poden xogar as tradicións nun mundo cada vez máis globalizado.

RESUMO DO PROXECTO



Cando o grupo de “rock-bravú” Os Diplomáticos de Montealto creou a canción *Gaiteiro!* quería - polo menos en parte- ofrecer unha alternativa galega ao típico piropo español “torero”. A substitución dun estereotipo (os touros) por outro (as gaitas) salienta a importancia que aínda se lle conceden aos símbolos de cada tradición cultural no que respecta á construción das correspondentes identidades colectivas.

Galicia é terra de gaitas, é certo (aínda que hai moitas máis, desde a veciña Asturias ou as recorrentes Escocia, Irlanda ou Bretaña, ata outras máis insospeitadas como Hungría ou Xordania) En todos estes lugares a gaita aparece vencellada á tradición -máis ou menos recente- sen embargo... Como se explica o actual auxe dun instrumento e dun tipo de música que reivindica unha diferenza fortemente arraigada no pasado no contexto dun mundo globalizado que tende á uniformización en tódolos eidos?





É posible a supervivencia destas peculiaridades sen que estas cedan a algún grao de asimilación? Responde o auxe internacional do folc á súa vitalidade real nos países dos que esta música é orixinaria? Ata que punto estamos asistindo a unha estratexia comercial –o “celtismo” musical- insertada nun contexto máis amplo no cal a exitosa marca “Músicas do mundo” non deixa de nos ofrecer con frecuencia fórmulas folcloristas (segundo o termo do musicólogo Josep Martí)? *Gaiteiro!* pretende un achegamento a estas e outras cuestión a través das figuras fundamentais da gaita en Galicia, como Xosé Lois Foxo, Xosé Manuel Seivane, Antón Corral, ou a nova xeración de “gaiteiros-estrela”, como Carlos Núñez, Mercedes Peón ou Susana Seivane. Tamén se pretende a participación de figuras internacionais como Paddy Moloney ou Alan Stivell.



ALGÚNS INTERVENIENTES

Familia Seivane Xosé Manuel, Álvaro e Susana, tres xeracións do mundo da gaita.

Carlos Núñez Gaiteiro galego, actualmente é a figura máis coñecida da música tradicional de Galicia.

Xosé Lois Foxo Director e fundador da Real Banda de Gaitas de Ourense.

Bieito Romero Gaiteiro galego, fundador de Luar na Lubre, o grupo de música tradicional galega máis internacional.

Alan Stivell Gaiteiro e arpista bretón, actualmente é a figura máis importante do folclore de Bretaña.

Paddy Moloney Gaiteiro e flautista irlandés, fundador do grupo The Chieftains, o grupo de música tradicional máis importante de Irlanda.

Josep Martí Musicólogo catalán, experto en etnomusicoloxía e autor de *El Folklorismo. Uso y abuso de la tradición*.

Francisco Calo Doutor e catedrático de Xeografía e Historia.

Eric Hobsbawm Historiador e ensaísta inglés, autor de *The invention of tradition*

ALGUNHAS LOCALIZACIÓNS EN GALICIA

Ourense, Cambre, A Coruña, Ortigueira, Pontevedra, Santiago de Compostela.

ALGUNHAS LOCALIZACIÓNS FÓRA DE GALICIA

Lorient (Bretaña, Francia), Barcelona, Glasgow (Escocia), Xordania.



TRATAMENTO DRAMÁTICO E VISUAL

A nosa intención é levar a cabo un proxecto con vocación internacional; un documental que repase a historia, evolución e presente no actual mundo globalizado dun instrumento tradicional como a gaita, a través de personaxes clave nos principais focos de interese “gaiteril”.

Pero *Gaiteiro!* non quere ser un ensaio audiovisual sobre o mundo da gaita. Persigue un tratamento ameno, atrevido, na liña de documentais como *Mondovino*, *Jesus Camp* ou o noso anterior traballo, *Fronteiras*.

Estéticamente a prioridade será o contido, sen descoidar a estética pero evitando unha proposta preciosista que impediría unha rodaxe áxil e a captación de calquera situación interesante que poda xurdir durante as gravacións. A columna vertebral de *Gaiteiro!* será o guión; un guión que dote aos personaxes de personalidade e cun desenvolvemento dramático ao longo da película.



O DIRECTOR

Rubén Pardiñas (Vigo, 1976) é licenciado en Historia da Arte pola Universidade de Santiago e Diplomado en cinematografía pola ECAM. A súa traxectoria cinematográfica comezou no departamento de arte, paralelamente á súa andaiina como ensaísta (Premi Espais a la Crítica d'Art en 2001 e Premio Caja Madrid de Ensayo en 2003). É guionista da peza documental *Lo más profundo es la Piel*, producida para o Festival Internacional de Arte Contemporáneo de Barcelona BAC!. '04. O seu último traballo (como guionista e director) é *Fronteiras*, (Premio Xpréssate en Tui '06 ao mellor proxecto), recentemente emitido na TVG.

A PRODUTORA

Pasacana Films nace en Madrid en 2003 como productora adicada fundamentalmente á publicidade e á organización de eventos. Tras a produción en 2004 do documental *Parla, la idea del sur* de Carlos Aguilera (emitido en Documanía), a produtora vai centrando a súa actividade na produción propia (tanto ficción como documental). En 2005 produce o documental *Calle Bardem* (recentemente adquirido por The Criterion Collection) e a curtametraxe *Las flores timbradas*, e en 2006 o documental *Circuitos Diego*, os tres dirixidos por Alberto Leal. En 2007 produce a curtametraxe *Suave es la noche* dirixido por Carlos Aguilera e o documental *Fronteiras* dirixido por Rubén Pardiñas (recentemente emitido po la TVG), traballos que actualmente estánrealizando o seu percorrido por distintos festivais (entre eles o Foyle Film Festival de Derry, o Festival de Cine Español de Toulouse ou o Festival Internacional de Cine de Gijón).

PASACANA
FILMS

C/ Marqués de Leganés 7 2º Dcha
28004 Madrid - España

(+34) 915 229 547

pasacana@pasacanafilms.com

www.pasacanafilms.com